



CURSO DE FORMACIÓN
Universidade de Santiago de Compostela

“Consultores da Marca Pescaenverde”

Prof. Gumersindo Feijoo

Profa. Maite Moreira

Maio 2024

1. ACTIVIDADE

A presente proposta ten como obxectivo a formación dos consultores acreditados da marca Pescaenverde da Universidade de Santiago de Compostela.

As principais metas serían:

Meta 1: Fundamentos das ecoetiquetas baseadas na análise de ciclo de vida

Meta 2: Manexo do software pescaenverde

2. METODOLOXÍA

O curso realizarase en formato “en liña” co emprego da plataforma MS Teams e as metodoloxía a empregar:

- Diapositivas en Powerpoint cos fundamentos
- Utilización do software Mentimeter para favorecer a interacción co alumnado mediante a realización dun kahoot”
- Utilización en remoto do software de pescaenverde, empregando o excel.

3. PROGRAMA DO CURSO

O obradoiro de formación constaría de 5 horas coas seguintes actividades:

- Fundamentos básicos da análise de ciclo de vida (clase expositiva – 1 h)
- Pegada de carbono e taxa de retorno enerxética (clase expositiva – 1 h)
- Ecoetiquetas, coa espacial énfase en Pescaenverde (clase expositiva – 1 h)
- Realización de diversos casos prácticos (traballo individual -2 h)

4. ORZAMENTO

O coste da actividade sería de 75 € por persoa, cun máximo de 25 participantes.

5. REFERENCIAS

Feijoo, G., Moreira, M.T. (2020). Análisis de ciclo de vida y huella de carbono. Casos prácticos. Research Gate, DOI: 10.13140/RG.2.2.11030.50240/1

Vázquez-Rowe, I., Villanueva-Rey, Moreira, M.T., Feijoo, G. (2016). Opportunities and challenges of implementing life cycle assessment in seafood certification: a case study for Spain. *International Journal of Life Cycle Assessment* 21:451-464

6. ANEXO: Breve Curriculum Vitae

G Feijoo

Catedrático de Enxeñaría Química na Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 2008. A investigación está relacionada coa aplicación dos conceptos de avaliación do ciclo de vida, pegadas ambientais e economía circular a produtos e procesos coa supervisión de 27 teses de doutoramento.

O impacto da actividade investigadora reflíctese en máis de 400 publicacións (cun índice h = 68 - Scopus-), recoñecida en diversos rankings de investigación como pertencer ao 2% dos científicos máis citados do mundo segundo o denominado "Ranking Stanford".

O impacto social da actividade investigadora pode avaliarse mediante varios indicadores: (1) 165 citas en 125 documentos de estratexia política ambiental da Comisión Europea e de 25 países (Alemania, Arxentina, Australia, Canadá, EE.UU., España, Francia, Irlanda, Nova Zelandia, Países Baixos, Reino Unido...), (2) 38 contratos de I+D+i con empresas públicas e privadas e (3) Oito patentes ou marcas de garantía de calidade (dúas en explotación) recoñecida pola Oficina Española de Patentes e Marcas, a Oficina Europea de Marcas e a Axencia de Patentes de EE.UU.

- Portal de Investigación da USC : [GUMERSINDO FEIJOO COSTA - Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](http://gumersindo-feijoo-costa.usc.gal)
- Google Académico: <https://scholar.google.es/citations?hl=es&user=mxyLWl4AAAAJ>